Cadea humana de esperanza de Laxe a Muxía

Case 42.000 participantes procedentes de 420 centros de Secundaria. Máis de 860 autobuses. Uns 40 quilómetros de percorrido divididos en 9 tramos. E 70.000 persoas adheridas de toda a comunidade escolar. Esta é, en cifras, a Cadea Humana que uniu as súas mans entre as localidades de Laxe e Muxía para berrar 'Vida!'. O alumnado galego levaba moitos días agardando este momento.

V.V. 21/01/2003

En Laxe están cravadas cruces na praia co nome escrito a man de aves e peixes petroleados. Desde ese cemiterio metafórico, arrancou a inmensa cadea humana que uniu Laxe e Muxía, unha das zonas máis afectadas polo Prestige. Pouco importou que o temporal se resistise a dar tregua para unha tarefa de seu complexa, nin que os autobuses chegasen con atraso. Mozos e mozas espalláronse pola costa desde as primeiras horas da mañá e pasado o mediodía, coa chuvia cedendo por fin, a cadea comenzou a tomar forma.

Unha das accións máis simbólicas foi na praia Traba de Laxe, onde a rapazada, enfundada en plásticos multicores, formou a palabra 'VIDA', en contraposición a aquela de 'MORTE' escrita na area, sobre o chapapote, e tan difundida polos medios de comunicación. "Estamos aquí para que non volva ocorrer o do barco", din. Diante, trazadas sobre a area, as palabras: Nunca Máis chapapote.

As mans seguiron unidas para contemplar o museo de Man, en Camelle. Logo, no tramo que discorre entre o Cabo Vilán e o Cemiterio dos Ingleses, houbo unha festa coa colaboración de Burla Negra. Os bonecos dos Quinquilláns e de Kukas, o grupo EIS de teatro universitario, Berrobambán e unha troup de clowns, artistas e músicos animaron o treito.

A cadea tivo continuidade por mar cos barcos dos mariñeiros, que uniron as dúas beiras da ría que separan Camariñas e Muxía. Foi outro dos altos emotivos. Unha vez aliñadas, as embarcacións comezaron a tocar as sirenas á vez, mentres os rapaces berraban 'vida'.

As pancartas e os cánticos críticos coa xestión do Goberno estiveron moi presentes durante a xornada, que tivo a súa réplica noutros moitos puntos de Galicia. Os que non se puideron desprazar ata a Costa da Morte quixeron participar desta histórica iniciativa organizando as súas propias cadeas en localidades como A Coruña, Santiago, Monforte, Ourense, Ferrol, Vilagarcía, Pontevedra, a praia da Lanzada...